ensino

CXT 26-27

Titorial de participación

O CONCURSO DE TRASLADOS

QUE É? CONCURSO PARA OBTER OU MODIFICAR O DESTINO DEFINITIVO. ESTE ANO É DE ***ÁMBITO ESTATAL***, POLO QUE PODEN CONCURSAR FUNCIONARIXS DE CARREIRA DE TODA ESPAÑA

QUEN TEN QUE CONCURSAR OBRIGATORIAMENTE? FUNCIONARIXS DE CARREIRA QUE PERDERAN O SEU DESTINO DEFINITIVO (SUPRIMIDXS E DESPRAZADXS POR FALTA DE HORARIO), OU QUE AÍNDA NON O CONSEGUIRAN (EXPECTATIVAS DE DESTINO E FUNCIONARIXS EN PRÁCTICAS)

QUEN PODE CONCURSAR VOLUNTARIAMENTE? FUNCIONARIXS DE CARREIRA CON DESTINO DEFINITIVO QUE AO TERMO DO CURSO ESCOLAR 2025/2026 LEVEN 2 CURSOS NO SEU DESTINO

QUE PRAZO HAI? ***DO 5 AO 26 DE NOVEMBRO DE 2026, AMBOS INCLUÍDOS***

ORDE DE ADXUDICACIÓN

O CXT É UN CONCURSO ***CON BAREMO***. A ORDE DE ADXUDICACIÓN VAI EN FUNCIÓN DO MESMO

PODES CONSULTAR O BAREMO QUE SE APLICA ***NA NOSA WEB***

O ***PERSOAL SUPRIMIDO E/OU DESPRAZADO POR FALTA DE HORARIO*** PODE EXERCER, SE ASÍ O DESEXA, DEREITO PREFERENTE A LOCALIDADE, CENTRO OU ZONA EDUCATIVA. A CONTINUACIÓN PODES VER UNS RESUMOS EXPLICATIVOS DOS DEREITOS DAS PERSOAS SUPRIMIDAS E/OU DESPRAZADAS:

INFANTIL E PRIMARIA

SECUNDARIA E ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL

VACANTES QUE SE CONVOCAN

- ***XUBILACIÓNS VOLUNTARIAS NO ANO 2025*** A DATA LÍMITE 31 DE DECEMBRO DE 2026
- ***XUBILACIÓNS FORZOSAS DE 70 ANOS*** A DATA 31 DE AGOSTO DE 2027
- ***RESULTAS ORIXINADAS POLA RESOLUCIÓN DO CONCURSO*** POR ADXUDICACIÓN DE VACANTES DO MESMO CORPO

O ***PRAZO LÍMITE PARA PUBLICAR AS VACANTES*** PROVISIONAIS E DEFINITIVAS É, RESPECTIVAMENTE, ANTES DA PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN PROVISIONAL (MES DE MARZO APROXIMADAMENTE) E A RESOLUCIÓN DEFINITIVA (SOBRE O MES DE MAIO)

PODES CONSULTAR A ***RELACIÓN DE XUBILACIÓNS DE CADA PROVINCIA QUE PODEN DAR LUGAR A VACANTE*** NA NOSA ***WEB***

ONDE SE REALIZA O CONCURSO E COMO SE PRESENTA?

A SOLICITUDE CÚBRESE POR MEDIOS TELEMÁTICOS EN ***https://edu.xunta.gal/cxt/***

TRAS CUBRILA, DÉBESE ***ACHEGAR EXCLUSIVAMENTE POR MEDIOS TELEMÁTICOS*** NA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA ***https://sede.xunta.gal*** CON CALQUERA DOS MECANISMOS DE IDENTIFICACIÓN E SINATURA ADMITIDOS:

- CHAVE 365
- CERTIFICADO ELECTRÓNICO OU DNI-E
- CL@VE/CIDADÁNS UE



COMO E CANDO SE RESOLVE?

TRAS A BAREMACIÓN DOS DIFERENTES APARTADOS, A CONSELLERÍA PUBLICARÁ NO SITIO WEB ***https://edu.xunta.gal/cxt/*** AS INSTANCIAS DE TODAS AS PERSOAS PARTICIPANTES E, POSTERIORMENTE, A ***RESOLUCIÓN PROVISIONAL DO CONCURSO*****, *PREVISIBLEMENTE DURANTE O MES DE MARZO***

LOGO DESTA RESOLUCIÓN PROVISIONAL, ÁBRESE UN PRAZO DE RECLAMACIÓNS E RENUNCIAS DE ***10 DÍAS HÁBILES***

RESOLTAS AS RECLAMACIÓNS E/OU RENUNCIAS, PUBLICARASE A ***RESOLUCIÓN DEFINITIVA DO CONCURSO*****, *PREVISIBLEMENTE DURANTE O MES DE MAIO***

RENUNCIA AO CONCURSO

O ***PERSOAL FUNCIONARIO CON DESTINO DEFINITIVO*** PODE, ENTRE A RESOLUCIÓN PROVISIONAL E DEFINITIVA, ***RENUNCIAR AO CONCURSO***

A RENUNCIA Á PARTICIPACIÓN DÉBESE FORMALIZAR NOS 10 DÍAS HÁBILES POSTERIORES Á RESOLUCIÓN PROVISIONAL, NO SITIO ***https://edu.xunta.gal/cxt/***, E DEBERÁ SER ACHEGADA POR MEDIOS EXCLUSIVAMENTE ELECTRÓNICOS

AS PERSOAS QUE DESEXEN RENUNCIAR Á PARTICIPACIÓN NO CONCURSO ***DEBERÁN FACELO AÍNDA QUE NON OBTEÑAN DESTINO NA RESOLUCIÓN PROVISIONAL,*** XA QUE DE NON FACELO, PODERÍAN OBTER DESTINO NA RESOLUCIÓN DEFINITIVA

O PERSOAL FUNCIONARIO EN PRÁCTICAS PARTICIPA CON 0 PUNTOS OBRIGATORIAMENTE

RENUNCIA A PARTE DO BAREMO

O ***PERSOAL EN EXPECTATIVA DE DESTINO*** ***PODE RENUNCIAR A PARTE DO BAREMO***. NESTE CASO, PARTICIPARÁ NO CONCURSO UNICAMENTE COA PUNTUACIÓN QUE CORRESPONDA POLAS SUBEPÍGRAFES 1.1.2 E 1.2.1 DO BAREMO


ESTA RENUNCIA DEBE CONSIGNARSE NA INSTANCIA DE PARTICIPACIÓN, NO PRAZO DE ENTREGA DE SOLICITUDES

O PERSOAL FUNCIONARIO EN PRÁCTICAS PARTICIPA CON 0 PUNTOS OBRIGATORIAMENTE

COMO SE PARTICIPA?

Entra en ***EDU.XUNTA.GAL***, **MÁIS SERVIZOS** e, na segunda folla, en **CXT**





COMO SE PARTICIPA?

Inicia sesión premendo o botón da esquina superior dereita



COMO SE PARTICIPA?

Selecciona o sistema de acceso: enderezo electrónico e contrasinal, Chave 365 ou certificado dixital e preme en ***Entrar***




COMO SE PARTICIPA?

Preme en ***Participación*** ou ***Utilidades*** na columna do lado esquerdo



COMO SE PARTICIPA?

En ***Concursos abertos*** selecciona o que che interesa e preme en ***Escoller***



COMO SE PARTICIPA?

En ***Creación de instancias*** selecciona o corpo e especialidade


A continuación podes indicar como queres crear a túa instancia:

- Unha completamente nova
- Unha copia da última instancia que validaches
- Unha copia da última instancia entregada no anterior CXT




COMO SE PARTICIPA?

En ***Datos persoais***, comproba que toda a información sexa correcta



COMO SE PARTICIPA?

En ***Prazas participación***, escolle a túa especialidade. En caso de ter varias, poderás seleccionar unha ou varias




COMO SE PARTICIPA?

DEREITO PREF. CENTRO

Emprega esta lapela ***SÓ NO CASO*** de ser ***persoal suprimido ou desprazado por falta de horario*** e querer exercer dereito preferente a centro ***DE FORMA VOLUNTARIA***

Debes marcar o recadro de ***EXERCE DEREITO PREFERENTE A CENTRO***, inserir o ***código do centro*** ***(este código non debe usarse de novo na lapela de peticións),*** marcar o suposto polo cal se exerce tal dereito e seleccionar ***Especialidade***, ***Vernáculo*** e, ***VOLUNTARIAMENTE***, ***Bilingüismo*** e/ou ***Itinerancia***



COMO SE PARTICIPA?


DEREITO PREF. LOCALIDADE/ZONA

Emprega esta lapela ***SÓ NO CASO*** de ser ***persoal suprimido ou desprazado por falta de horario*** e querer exercer dereito preferente a localidade e zona ***(para Corpo de Mestras e Mestres)***

Lembra que este dereito debe ***EXERCERSE OBRIGATORIAMENTE*** no caso de querer mantelo para futuros concursos

Debes marcar o recadro de ***EXERCE DEREITO PREFERENTE A LOCALIDADE OU ZONA***, inserir os ***códigos de localidade e/ou zona***, marcar o suposto polo cal se exerce tal dereito e seleccionar ***Especialidade***, ***Vernáculo*** e, ***VOLUNTARIAMENTE***, ***Bilingüismo*** e/ou ***Itinerancia***

IMPORTANTE! Na folla de peticións hai que consignar os centros e ou localidades onde se exerce este dereito




COMO SE PARTICIPA?

CONCORRENCIA

Emprega esta lapela ***SÓ NO CASO*** de ser ***persoal definitivo con dous cursos no centro de destino ao finalizar o curso actual*** e desexas concursar a outras provincias, localidades e/ou centros ***"concorrendo" con ata 3 persoas máis,*** para o cal é necesario introducir o seu DNI, nome e apelidos

IMPORTANTE!
Se non son adxudicadas todas as persoas que exercen o dereito de concorrencia "en grupo", ningunha delas obtén novo destino




COMO SE PARTICIPA?

PARTICIPACIÓN FORZOSA

Emprega esta lapela ***SÓ NO CASO DE NON TER AÍNDA DESTINO DEFINITIVO*** ***(prácticas ou expectativa)***

Debes consignar as provincias ordenadas ***(só de Galicia)*** para o caso no que deban adxudicarche vacante ou resulta de oficio, é dicir, que non estea entre as peticións voluntarias da lapela seguinte

IMPORTANTE!
O persoal en expectativa de destino pode formular RENUNCIA AO BAREMO ***(lembra que agás ao apartado 1 de antigüidade)***



COMO SE PARTICIPA?

PARTICIPACIÓN FORZOSA

Ademais débese ***detallar o tipo de praza en caso de adxudicación forzosa, seleccionando especialidade e vernáculo:***

- ***GALEGO*** - nas especialidades de Infantil (597031) e Primaria (597038), Xeografía e Historia (590005), Bioloxía e Xeoloxía (590008) e todas as especialidades de FP
- ***SEN REQUISITO LINGÜÍSTICO*** - no resto de especialidades

Se VOLUNTARIAMENTE queres que che adxudiquen destino por bilingüismo, marca tamén o idioma que proceda no apartado BILINGÜISMOS

IMPORTANTE!

Se o marcas ***hai moitas posibilidades de ser adxudicado/a de oficio e/ou con 0 puntos***, xa que as prazas bilingües e itinerantes non se adxudican de oficio agás petición expresa, ***como é o caso***



COMO SE PARTICIPA?


PETICIÓNS

Debes ***ingresar os códigos de localidades e/ou centros*** que queiras, ordenados segundo as túas preferencias
Podes consultar estes códigos nos documentos do apartado ***Información de utilidade para facer as peticións*** ***(son follas de cálculo OpenDocument, polo que podes ter que instalar LibreOffice ou OpenOffice para abrilos)***

Logo, ***selecciona especialidade***

Ingresa o ***Ente do vernáculo*** ***11.Galicia (agás que fagas peticións para outras CCAA)*** e en ***Vernáculo*** selecciona:

- ***GALEGO*** - nas especialidades de Infantil (597031) e Primaria (597038), Xeografía e Historia (590005), Bioloxía e Xeoloxía (590008) e todas as especialidades de FP
- ***SEN REQUISITO LINGÜÍSTICO*** - no resto de especialidades




COMO SE PARTICIPA?

PETICIÓNS

Selecciona, se así o desexas, ***Bilingüismo*** e/ou ***Itinerancia***

Lembra que se queres optar a prazas ordinarias sen itinerancia nin bilingüismo, ***debes repetir o código sen itinerancia e/ou bilingüismo***

De non facelo, estarás pedindo para ese centro e/ou localidade SÓ PRAZAS ITINERANTES E/OU BILINGÜES, PERO NON O RESTO




COMO SE PARTICIPA?

BAREMO

Comproba apartado por apartado, nos despregables de ***Detalle,*** a túa puntuación en cada un deles

De non ter a puntuación que cres que che correponde, vai a ***DatosPersoais*** e comproba que os méritos están consignados no teu expediente persoal. De non ser así, poderás facer alegacións ao expediente tamén en ***DatosPersoais***




DATOS PERSOAIS: ***https://edu.xunta.gal/datospersoais/***

TODA A INFORMACIÓN SOBRE CAMBIOS NO BAREMO:
https://ccooensino.gal/cxt-concurso-xeral-de-traslados/

COMO SE PARTICIPA?

VALIDACIÓN FINAL

*Comproba se a solicitude ten erros premendo en **Comprobar instancia** e logo valida a túa participación premendo en **Validar instancia***



COMO SE PARTICIPA?

ENVÍO A SEDE

IMPORTANTE! ***A solicitude de participación no CXT non está rematada ata realizar este trámite e completar o procedemento na Sede Electrónica***

Preme en ***Enviar A Sede*** para remitir a solicitude de participación á ***Sede Electrónica*** para a súa presentación e, a continuación, no enlace ***Ir á Sede Electrónica da Xunta de Galicia***






COMO SE PARTICIPA?

PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE NA SEDE ELECTRÓNICA


Identifícate na Sede Electrónica co sistema que prefiras



COMO SE PARTICIPA?

PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE NA SEDE ELECTRÓNICA

Preme no botón “Paso seguinte”, xa que non é preciso achegar ningún documento



COMO SE PARTICIPA?

PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE NA SEDE ELECTRÓNICA


Podes comprobar que non haxa erros na solicitude premendo no botón ***Ver***
A continuación, preme en ***Asinar e enviar***, para finalizar a presentación telemática da túa solicitude de participación no CXT



COMO SE PARTICIPA?


PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE NA SEDE ELECTRÓNICA

Por último, podes descargar o ***Xustificante*** e a ***Solicitude asinada***




COMO SE FAN ALEGACIÓNS DE MÉRITOS?

No caso de que os méritos que queiras alegar non figuren aínda no teu expediente ou queiras facer alegacións nalgún mérito que si figura, debes crear unha instancia no apartado ***As miñas instancias*** de ***DatosPersoais (https://edu.xunta.gal/datospersoais)***



COMO SE FAN ALEGACIÓNS DE MÉRITOS?

Selecciona ***Instancia de concurso 2025/2026*** no despregable e preme en ***Crear nova instancia***. Para incluír as alegacións de méritos, preme na icona de ***Xestionar instancia***




COMO SE FAN ALEGACIÓNS DE MÉRITOS?

Vai apartado por apartado cubrindo a instancia:

- Comproba que os ***Datos da persoa solicitante*** e os ***Datos para os efectos de notificación*** sexan correctos

- En ***Resumo de alegacións*** vai ingresando no correspondente apartado cada novo mérito a alegar e achegando o documento correspondente escaneado, ou facendo as novas alegacións de méritos que consideres




COMO SE FAN ALEGACIÓNS DE MÉRITOS?

En ***Documentación que se presenta*** sinala o tipo de documento que vas achegar para xustificar cada mérito

En ***Comprobación de datos*** marca se te opós a que a Administración consulte os teus datos de DNI, títulos académicos, etc.

IMPORTANTE!


Lembra que en caso de que te opoñas, terás que achegalos xunto coa instancia por Sede Electrónica






COMO SE FAN ALEGACIÓNS DE MÉRITOS?

Unha vez cuberta toda a información das alegacións de méritos, vai á lapela de ***Finalizar instancia*** e preme no botón ***Pechar instancia***



Unha vez finalizada, na lapela ***Presentación en SEDE***, preme no botón ***Enivar A Sede Electrónica Para Presentación***




IMPORTANTE!

Lembra que debes presentar esta solicitude telemáticamente na Sede Electrónica. Preme no enlace ***Ir á Sede Electrónica da Xunta de Galicia***




COMO SE FAN ALEGACIÓNS DE MÉRITOS?

Na Sede Electrónica achega a documentación dos méritos que queiras alegar, dentro dos apartados correspondentes, e preme en ***Paso seguinte***




COMO SE FAN ALEGACIÓNS DE MÉRITOS?

Comproba a instancia no botón ***Ver*** e logo preme en ***Asinar e enviar***



COMO SE FAN ALEGACIÓNS DE MÉRITOS?

Por último, podes descargar o ***Xustificante*** e a ***Solicitude asinada***



Parabéns, xa participaches no CXT 26-27

Moita sorte!!!

CCOO ensino